

Cesáreo Carballido: e París segue creando literatura galega

Xaime Varela Sieiro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VARELA SIEIRO, XAIME (2011 [2001]). “Cesáreo Carballido: e París segue creando literatura galega”. *Vento do Leste. Revista de Cultura, Arte e Sociedade*: 8, 13-16. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/569>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VARELA SIEIRO, XAIME (2001). “Cesáreo Carballido: e París segue creando literatura galega”. *Vento do Leste. Revista de Cultura, Arte e Sociedade*: 8, 13-16.

* Edición dispoñíbel desde o 15 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

CESÁREO

CARBALLIDO:

E PARÍS SEGUE CREANDO

LITERATURA GALEGA

XAIME VARELA SIEIRO

D e todos é ben sabido que a emigración galega en Francia, e especialmente en París, coñeceu fundamentalmente dous momentos, moi diferentes tanto polas motivacións que a propiciaron coma polo número de persoas que se viron afectadas. Unha primeira vaga de emigrantes, non demasiado numerosa, constitúena os exiliados políticos que encontramos durante un certo período de tempo na capital do Sena; entre eles cabe destacar as figuras de Enrique Lister, Santiago Álvarez, César Alvajar ou Alejandro del Valle, pseudónimo de Beremundo Rodríguez González. A biografía e obra dos primeiros é de sobra coñecida; pola contra, do ourensán Alejandro del Valle (Petín 1910-París 1986) os poucos datos fiables que del coñecemos revélannos unha biografía apaixonante e unha obra tan discutible dende o punto de vista literario coma interesante dende unha perspectiva histórica e sociolóxica; entre a media ducia de obras que nos consta que escribiu, basicamente en castelán e francés, tamén se serviu do galego para a primeira edición de *Poética Galicia* (1971), que distribuía polas librerías de París para apoiar a edición das revistas do Partido Comunista *Nova Galicia* e *A voz do pobo*.

E neste ámbito da literatura do exilio, cómpre que mencionemos o *Galicia hoy* de Luis Seoane e Isaac Díaz Pardo editado por Ruedo Ibérico.

Outra vaga de emigrantes, a máis importante en canto ó número, instalouse en París entre finais dos anos 50 e comezos do 70, en plena época do desenvolvemento económico europeo. Ó redor deste grupo comezou a tomar forma o asociacionismo galego na capital francesa que, malia a non gozar de estabilidade e verse sometido a fusións e confusións, sobrevive na actualidade coa asociación "A Nosa Casa de Galicia". Con todo, o asociacionismo deixounos no seu percorrido algúns textos merecentes de seren recordados, é de ver, o poemario *Lúa Loura* (Centro Cultural "A Lareira", 1984) do rianxeiro Antonio Domínguez Rey ou un volume, que chega ata o medievo, dunha pretendida historia de Galicia por fascículos titulada *Galicia. Un pobo, unha nación* (Agrupación Cultural "O Toxo", setembro 1975); e amais, rescatamos algunhas publicacións destes centros galegos: *Boletín Casa de Galicia*, *Sempre. Boletín do Centro Cultural Galego O Toxo* e *A voz da Lareira*.

E, finalmente, non nos esquecemos de dúas das personalidades galegas máis relevantes da inmigración parisina: o vilalbés Ramón Chao Rego que, chegado a París en 1955 para estudar piano, participou tamén no asociacionismo galego e entre as súas numerosas obras, deixounos unha en galego, *O camiño de Prisciliano* (Espiral Maior, 1999); o outro é o redondelán Ignacio Ramonet Míguez que, exiliado en Tánxer dende neno, chega a Francia no 1972 onde comeza unha importante produción editorial nomeadamente en francés e en castelán.

Despois deste sucinto repaso á produción textual da emigración galega en París, atopámonos na actualidade con outros galegos implicados na peripecia parisina e que chegaron a esta cidade movidos por outras razóns e en circunstancias moi diferentes das vistas anteriormente: tal sería o caso do poeta lugués



Cesáreo Carballido, Nacido en Lugo no ano 1971, chegou a Bernay (Normandía) en 1998 e ó ano seguinte a Poissy despois de realizar os estudos de Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galega en Lugo e Santiago de Compostela. Dende Bernay envía á editorial a súa primeira obra que dous anos máis tarde verá definitivamente a luz: **sede auga** (Xerais, 2000). E en Poissy artellouse o seu segundo poemario que acaba de inaugurar un novo proxecto editorial en Galicia: **pequeno sol satélite** (Amastra-n-Gallar, 2001).

Cesáreo Carballido. Nacido en Lugo no ano 1971, chegou a Bernay (Normandía) en 1998 e ó ano seguinte a Poissy –*banlieue* parisiense onde a fábrica automobilística Talbot-Peugeot acolleu e acolle aínda a moitos traballadores galegos e portugueses– despois de realizar os estudos de Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galega en Lugo e Santiago de Compostela. Dende Bernay envía á editorial a súa primeira obra que, dous anos máis tarde, verá definitivamente a luz: *sede auga* (Xerais, col. Ablativo Absoluto, 2000). E en Poissy artellouse o seu segundo poemario que acaba de inaugurar un novo proxecto editorial en Galicia: *pequeno sol satélite* (Amastra-n-Gallar, 2001).

Malia que o primeiro poemario, *sede auga*, está escrito case enteiramente en Galicia, hai unha mada de poemas que foron compostos en Bernay; o máis significativo deles sería *Éxilée*,

aquepi caop er éxilée, laa goraa quea n tessó com iade cide

*desprégase o quilómetro fóra,
e as horas que a deixaban toda orfa
naí a naí, dedo a dedo
en cada palmo desta casa. Aquí
a pica o perexil é ela, agora
a que antes só comía decide*

Éxilée

A estratexia poética do autor véncellase de antigo coa obra filosófica de Alain Badiou a quen coñeceu primeiro a través das traducións ó galego na editorial Noitarenga e posteriormente en París, nas edicións orixinais da súa obra e nas transcripcións dos seus seminarios que imparte na universidade de Vincennes-Paris VIII. A consideración da poesía como un procedemento de verdade á mesma altura cá política, a ciencia ou o amor é unha das claves, influencia de Badiou, na poética de C. Carballido. Trátanse de poemas nos que o suxeito da enunciación se descompón para dar cabida á unha pluralidade de voces que cobra vida de seu e que podemos observar dende o primeiro poema de *sede auga*,

*pensei no que dixeches
pero foime imposible
síntoo, cantei,
díxenllelo e cantaron*


A mesma tensión que atopamos no polisémico título *sede auga*, formado por unha parella de termos complementarios e autosuficientes (a sede sáciase coa auga) e ó mesmo tempo invitación a un movemento liberador (*sede auga*), tenta reproducirse en cada un dos poemas nos cales o que se di non é tan importante como o que sucede ou irrompe no texto.

Moito menos estruturado e máis caótico parece *pequeno sol satélite*; realmente, semella unha colección de poemas unidos non por un fío temático senón por un mesmo pulo experimental que a miúdo ó empuxa á deconstrución e á descomposición do discurso, é de ver,

*pequeno accidente doméstico con lume
o fume convértenos en escuras promesas*

*pero falemos doutras cousas
ou cousa máis querida ou queridas,
do que sae pola porta, ese
pequeno sol, gato,
rato*

Como vimos de dicir, a temática é heteroxénea e, por veces, mesmo banal pero atravesada pola potencia afirmativa destes versos de resonancias publicitarias:



Cesáreo Carballido

*dígoos
con toda a forza que me sae dos figados:
este é o programa:
na paisaxe torturada do cabelo
esquecido e incontable, ¡Xampú!
volume e enerxía: ITdM, la Toilette du Matin*

Aínda que *pequeno sol satélite* foi escrito integramente en Francia, cremos que está moito máis impregnado de Galicia có anterior. Non faltan poemas cheos de referencias a Galicia coma nesta estrofa,

*ás veces, os días desperados,
entre dúas cadeiras falta a terceira,
alguén non sentou e aínda anda.
A couza que lle roía o calcetín chegará ó monte
Picato*

Así mesmo en varios poemas parece que o poeta evoca os problemas da identidade nacional, como pensamos se desprende do seguinte:

*tralo millo, único exército,
antes da cea*

*mesmo de que concibible sexa
o máis mínimo aperitivo
somos unha comunidade de patriotas sen cear*

E a cidade de cacharros a secar, /taxi e vamos para o ermo,/ propiedade privada, ¿el non será París e periferia? Unha cidade e arredores xeradora de violencia e incomunicación se ben se enxerga unha esperanza colectiva:

*veu sentar onda min un home. Cuspo
che nos ollos, méroche nos ollos,
deséroche boa tarde: espero algo de vostede
como unha resposta
e a isto chámolle esperanza*

vou sentar onda min un home

Pero, sen dúbida, un dos campos sémicos máis recorridos neste poemario é o do ámbito doméstico e as súas miserias, véxase senón,

*e emporcaches de tomate
a camiseta de Palm Beach parvo*

*parvo tranquilo
habará premio, habrá postre*

*benvido á casa, casa, ou sexa,
onde hai reloxos, onde hai unha bomba
gardada
e estamos convidados a estoupar*

Un ámbito doméstico retratado a miúdo coma o escenario da traxedia burguesa, tal como acontece neste poema onde o poeta, na súa continua busca experimental, ensaia a transformar dun xeito numérico un discurso, por outra parte, con evidentes resonancias bíblicas:

*e7te 3 8 9150
este é o Piso. Medrade*

Aínda que **pequeno sol satélite** foi escrito integramente en Francia, cremos que está moito máis impregnado de Galicia có anterior. Non faltan poemas cheos de referencias a Galicia.

Añafivo Añafivo



sede auga

CESÁREO CARBALLIDO



*multiplicádevos. Fundade o
salón-comedor máis grande, enorme,
o máis ancho, visible desde aquí,
desde a lúa, o Dedo desde
Saxitario de onde apunta aquí a beizón*

E nesta liña de heteroxeneidade temática tampouco faltan poemas sobre o amor e periferias mais afastados de todo sentimentalismo: “entra aquí, dis,/ e pola ventá pola que miras ese sol/ entro, así fago a porta”.

E así mesmo encontramos poemas que constitúen auténticas reflexións metapoéticas como:

*¿quen mellor ca min había escribir? Sei escribir,
non coma outros e non miro a ningún
e non estaría de máis repasar este segundo verso
para buscar nel o culpable e colgalo
da póla dúas*

ou en

*diranche que o libro acabou. Que deixen o libro onde está.
Estamos eliminado e ben eliminado como o mosquito, de
raíz. Que queden tamén coa raíz, que acabou leva tamén
baacou e baacar é un verbo do día cero pola mañá. Atención,
estamos baacando...*

En palabras de C. Carballido, a poesía non é máis que “un xeito peculiar de pensar en liberdade que opón o fracaso do poema á orde triunfante da meteoroloxía financeira, que defende o fracaso incesante da razón contra o éxito do razoable. A esperanza da lingua”.

E rematamos estas liñas cun succulento albaroque, un poema inédito que Cesáreo Carballido ofrece para *Vento do Leste*:

*escoita,
a ópera cáenos aquí
entre a túa man e o meu saber agarrar
as cousas do mundo mórrennos de envexa
nos dedos*



A poesía non é
máis que un xeito
peculiar de pensar
en liberdade que
opón o fracaso do
poema á orde
triumfante da
meteoroloxía
financeira, que
defende o fracaso
incesante da razón
contra o éxito do
razoable.

